


BREVE HISTORIA DE CHINA

por Qing Liu, Lina Weng, Na Wang, Sen He, Huiwen Xiao “Ainoha” (China. Alumnos do Campus de Lugo)

Tradución ao galego por: Mario Sanfiz Arcadu / Debuxo de Sara Lamas



O período máis glorioso da cultura chinesa é probablemente o comprendido entre o 770 e o 221 a.C. Neste tempo xurdiron moitos pensadores, filósofos, pedagogos, estrategos, etc. Destacan especialmente Confucio e Mencio.

A Dinastía Han (206 a.C. – 220 d.C.) influíu moitísimo na mentalidade das dinastías posteriores e, incluso, no pensamento moderno. Por desgracia, os emperadores utilizaron toda a cultura que posuían e, sobre todo, o confucianismo para un maior dominio do pobo. En canto á economía, é aquí cando aparece a Ruta da Seda, que non só favorecía o comercio senón tamén o intercambio cultural.

A época da Dinastía Tang (618 – 907 d.C.) foi a máis aberta da Antiga China. A economía experimentou un grande aumento e a cultura tamén se viu enormemente favorecida. Tamén a sociedade tiña maiores liberdades e as mulleres gozaban dunha certa igualdade, en parte tamén por chegar ao poder a primeira e única emperatriz muller, Wu Zetian.

En 1840 xorde, coa Colonización Británica, a Guerra do Opio – ou Guerras Anglo-chinesas. É aquí cando se sitúa a aparición da China Moderna.

En 1945, China obtén a vitoria na Segunda Guerra Mundial. Así o 1 de outubro de 1949 establécese a República Popular de China – vixente hoxe.

Houbo un período gris na historia da China moderna (1966 – 1976), a chamada Revolución Cultural. A xente, adorando fanaticamente ao presidente Mao Zedong (ou Mao Tse-Tung) obedecían calquera tipo de orde por absurda que fora xa que todo o que Mao dixera ou fixera era correcto. Moitas persoas, acusadas de ser espías capitalistas, foron executadas.

En 1978, unha política chamada “Reforma e Apertura”, abriu o país de novo como xa ocorrera na Dinastía Tang. Dende aquela, China desenvolveuse rapidamente.

Política e cultura

En xeral, a política está moi presente na vida dos chineses e inflúe moito na vida cultural. Os chineses temos a idea de que o país é “unha grande familia” na que cada cidade, cada pobo, cada comunidade é como un fillo e, polo tanto, non se poden separar. Por exemplo: Tíbet, Hong Kong ou Taiwán teñen unha relación co goberno de China de forma similar a Cataluña co Goberno Español. Para intentar resolver este problema abríndose politicamente – e tamén favorecer á economía – o presidente Deng Xiaoping presentou o programa “Un País, Dous Sistemas”. Esta é a razón de que China non sexa un estado comunista auténtico, senón unha especie de mestura de comunismo e capitalismo. Agora a situación cultural de China é aberta e se aceptan e respectan as esenciais culturais de outros pobos. A cultura está tan ligada á política que soe difundirse mediante ela e viceversa.

En China hai a idea de que o progreso do país está moi ligado a un ambiente social pacífico e, polo tanto, o goberno e a xente sempre manteñen unha actitude positiva fronte aos problemas das diferencias culturais e as comprensións erróneas. Para nós é moi importante que desaparezan – ou diminúan - os prexuizos e se acepte a nosa cultura e, dende a nosa opinión, a xente de fora de China non posúe unha impresión acertada nin unha posición obxectiva para valorar China como se acostuma a facer.

Pese á apertura, preferimos o noso sistema político e valorámolo moito pero interéstanos aprender aspectos socioculturais e políticos doutras comunidades. Non nos parece que o noso sistema sexa completo pero está progresando moito. Sabemos que é traballoso e precisa de tempo.

Minorías nacionais chinesas

En China hai 56 nacionalidades das cales 55 son minorías nacionais. A única nacionalidade maioritaria é a Han, que representa o 91’51% da poboación total da China. As 55 restantes ocupan, principalmente, pequenos territorios na parte occidental do país.

Cada nacionalidade ten o seu(s) idioma(s) propio(s) e as súas costumes tradicionais. Por exemplo: a nación Han fala mandarín e ten vestimentas tradicionais Han Fu, aínda que esta presenta unha gran controversia; a nación Dai ten unha festa que se chama “Festival de Tirar Auga”. Durante os tres días de festa, as persoas tíranse mutuamente auga para “lavar” a mala sorte e “limparse” con boa sorte para o ano seguinte. A nación Hui está fortemente vinculada ao Islam e polo tanto ten certas prohibicións inexistentes no resto de China como non poder comer carne de porco, can, lobo, tigre ou gato.

Estas minorías dependen da conservación das tradicións e o desenvolvemento da Antiga China. Polo momento, todas as nacións representan un conxunto harmónico e gozan de maior independencia que antes. ■